



OURENSE, A SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 13-2025 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: COPA GALEGA MASCULINA; ABSOLUTA.

Equipos participantes: C.W. SANTIAGO; R.C. NÁUTICO

Día, hora: 1-3-25; 18:45.

FEITOS

ÚNICO: O día 3/3/25 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"No minuto 06:36 do segundo período amósaselle tarxeta ama-rela ao adestrador visitante do RCN Vigo, D. Luís Miguel Vilavedra, por protestar reiteradamente berrando decisións arbitrais tras ser previamente advertido."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor a **LUÍS MIGUEL VILAVEDRA**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN LEVE**, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente